



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.G.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE
GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 76/11

12 de maio de 2011

REGULAMENTACIÓN KARTING.

✓ Picada de pneumáticos.

En caso dunha picada dun pneumático o que este teña algún defecto, o piloto, concursante, ou mecánico, poderá informar os comisarios técnicos para que estes estudien o caso e poidan autorizar a súa substitución. Sempre por outro usado, nunca novo.

✓ Cubrecadeas e coroa.

É obrigatorio o uso dun cubrecadeas eficaz, que cubra totalmente a cadea e coroa, para as categorías Alevín, Cadete e X30.

✓ Pole Position.

A partir de agora o piloto que consiga o mellor tempo nos adestramentos cronometrados (pole position), elixirá a posición de saída para á semifinal (esquerda ou dereita). Asímesmo, o piloto que gañador da semifinal tamén elixirá a súa posición de saída na final. O resto de pilotos se posicionarán a continuación. En caso de que o piloto que faga a pole position e/o gañador da final non poda saír a carreira, será o segundo clasificado o que elixa a posición de saída, reservándose o oco de saída do primeiro.

✓ Xuntas de cilindro.

Recórdase a tódolos participantes que a xunta de cilindro / cárter dede ser de 0,4.

- Referencia X30: EBP-125045.

- Referencia Puma 64 e Puma 85: EBP-85045.

✓ Filtro aire motores Puma 64, Puma 85 e X30.

lame Parilla subministra cos motores novos un filtro de aire con modificacións respecto o subministrado ata agora. Dende agora, os filtros serán os mesmos exteriormente. Non virán cos tapóns de rexilla, pero virán cunha espuma interior. Non existe diferenza de prestacións entre un filtro e outro. Recórdase que non se permite modificación algunha, debendo permanecer tal e como son subministrados de orixe. Ámbolos dous filtros están autorizados, coas seguintes condicións:

- Filtro antigo: Obrigatorio o uso dos tapóns de rexilla.

- Filtro novo: Opcional o uso dos tapóns de rexilla.

✓ Xunta separador térmico carburador.

Autorízase o uso da xunta do separador térmico do carburador subministrada no kit de reparación de carburador orixinal lame Parilla para os motores Puma 64 e Puma 85.

✓ Artigo 31.9 Regulamento Deportivo (nova redacción).

Ó finalizar cada manga, os pilotos co seu kart deberán dirixirse ó control para proceder a verificacións e pesaxe, a infracción desta norma implicará a exclusión da proba. Toda a zona de pesaxe ten a consideración de parque pechado. Tan só os comisarios técnicos e pilotos cos seus respectivos karts poderán acceder a ela, estando totalmente prohibida a presenza de mecánicos e/ou concursantes.